



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS. SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLOS

##### Anuncio

##### "A reforma do réxime local en Galicia. A planta local"

O municipio constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia, regulándose na lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, os seus elementos esenciais, de entre os cales destaca, pola problemática que leva aparellada, o territorio. A opinión unánime, neste momento, é que o número de municipios españois non é, precisamente, pequeno, polo que o seu aumento non semella o máis desexable, sobre todo se temos en conta que, en principio, os pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, dificilmente poden atender as esixencias que require a prestación dos servizos públicos. Por isto preténdese lograr fórmulas axeitadas que, sen adoptar medidas drásticas, dificulten a creación de novos municipios independentes, favorecendo, pola contra, o asociacionismo municipal, xa que a experiencia demostrou que as mancomunidades de municipios ou os consorcios locais, infrautilizados no territorio galego, xestionan con menor custo e maior efectividade as competencias locais especialmente no caso dos pequenos municipios.

Poténciase actualmente, se cabe, e por outro lado a competencia especial que teñen as deputacións provinciais, consistente en «asegura-lo acceso da poboación ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal», podendo, mesmo, substituílo municipio na prestación deles e debendo facelo coa aprobación do Plan provincial de obras e servizos. Ademais, no marco da proposta de Administración única e do principio de subsidiariedade, están chamadas a desempeñar un papel cada vez máis importante no conxunto do sector público xa que, pola súa experiencia e proximidade ó cidadán, poden prestar mellor os servizos que este demanda.

O desenvolvemento deste **VIII ENCONTRO PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS** busca a reflexión ou debate sobre a reforma local en Galicia, coa asistencia de diferentes expertos na materia que farán unha análise da denominada planta local no noso territorio a través dos seus relatorios e experiencias, e tendo en conta o dereito comparado do noso contorno máis preto.

##### PROGRAMA

#### VIII ENCONTRO PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

##### "A reforma do réxime local en Galicia. A planta local"

##### Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo

-3 de decembro de 2019-

**9:30h.- Recepción dos asistentes**

**9:45h.- Apertura oficial**

**10:00h. - 11:15h.- Relatorio:** Os Gobernos locais intermedios: presente e futuro das Deputacións Provinciais. Dereito comparado

##### **D. Serafín Pazos Vidal**

Responsable de Política Europea da Convención Escocesa de Autoridades Locais (COSLA) - Xefe da Oficina de Bruxelas

**11:15h. - 12:30h.- Relatorio:** A planta municipal: o problema do pequeno concello. Fusión / supresión e outras alternativas. Análise das experiencias europeas

##### **D. Fernando López Ramón**

Catedrático de Dereito Administrativo na Universidade de Zaragoza

**12:30h.- Pausa**

**13:00h. - 14:15h.- Relatorio:** O concello como institución dinamizadora da localidade. O rol das cabeceiras de comarca

**D. Santiago Lago Peñas**

Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo

**14:15h.- Clausura**

**OBXECTIVOS:**

A reflexión ou debate sobre a reforma local en Galicia, coa asistencia de diferentes expertos na materia que farán unha análise da denominada planta local no noso territorio a través dos seus relatorios e experiencias, e tendo en conta o dereito comparado do noso contorno máis preto

**LUGAR:**

- Salón de actos da Deputación de Lugo

**DATA:**

- 3 de decembro de 2019 (sesión de mañá)

**INSCRICIÓN E PRAZO:**

- Inscricións en liña a través do "banner" do Encontro na páxina web: [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

- Prazo: dende o día de publicación deste anuncio no BOP de Lugo e ata o día 2 de decembro de 2019

**ORGANIZA:**

- Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos

**DESTINATARIOS:**

- Alcaldes, concelleiros, deputados provinciais, outros cargos electos, secretarios, secretarios interventores, interventores, tesoureiros, e persoal ao servizo dos entes locais e do sector público local. O aforo estará limitado pola capacidade do Salón de actos da Deputación

Lugo, 25 de outubro de 2019.- A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3254

---

**CONCELLOS**

LUGO

*Anuncio*

**DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2019, adoptou entre outros o acordo de delegar a competencia no Concelleiro Delegado de Infraestructuras Urbanas para a adopción de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente administrativo de Contratación da obra de arranxo de danos nas vías municipais.

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 18 de outubro de 2019.- Tta. de Alcaldesa - Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3098

---

**MONFORTE DE LEMOS**

*Anuncio*

Aprobado provisionalmente polo Concello en Pleno, en sesión ordinaria do día 28.10.2019, o expediente de aprobación provisional da modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

- 1) Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público.
- 2) Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres.
- 3) Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por recollida, tratamento e eliminación de lixo.
- 4) Ordenanza Fiscal 2.9 Reguladora da Taxa de rede de sumidoiros e depuración.
- 5) Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola abastecemento de auga.
- 6) Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización de edificios municipais.

7) Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións análogas.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerarase elevado a definitivo e procederase á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, 29 de outubro de 2019.- O alcalde-presidente, José Tomé Roca.

R. 3266

---

### Anuncio

#### APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 28 de outubro de 2019 o expediente núm. 62/2019 de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos entre partidas de diferentes áreas de gasto do orzamento vixente por importe de 31.710,25 €, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 29 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3265

---

## PALAS DE REI

### Anuncio

#### Expediente núm.: 622/2019

O Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión ordinaria celebrada o 17 de outubro de 2019, adoptou, entre outros, o acordo que literalmente se transcribe na súa parte dispositiva:

#### Aprobación da Fiscalización de Dereitos e Ingresos mediante toma de razón e control financeiro.

Vista a proposta do Secretario en relación co expediente instruído para a aprobación da fiscalización de dereitos e ingresos mediante toma de razón e control posterior, de conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, en consonancia co 219.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Pleno, por unanimidade,

#### ACORDA:

**PRIMEIRO.** Aprobar a substitución da fiscalización previa de dereitos e ingresos polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría, considerando os datos expresados no Informe de Intervención de data 09/10/2019, así como a propia necesidade de axilizar a xestión económico-financieira e implantar novas formas organizativas nas que prime a simplificación administrativa e o menor tempo de tramitación.

**SEGUNDO.** Como principio xeral, os dereitos e ingresos das Entidades Locais poderán fiscalizarse "a posteriori" mediante a toma de razón en contabilidade e o control financeiro posterior mediante técnicas de auditoría, fóra dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos que continúan sometidos á función interventora plena previa, tal e como recolle o artigo 9.3 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Desta maneira, os dereitos e ingresos que se producen en masa nesta Corporación, tales como os ingresos de contraído previo por recibo derivados da xestión cobratoria de padróns conxuntivos de contribuíntes e/ou usuarios de servizos públicos, ou de utilizacións privativas do dominio público local (sexan ou non de natureza Xurídica tributaria), e igualmente os ingresos singulares derivados dunha ordenanza fiscal ou acordo de establecemento de prezo público, poderán fiscalizarse a posteriori mediante a toma de razón en contabilidade e o control financeiro mediante técnicas de auditoría.

Con todo, os dereitos e ingresos específicos singulares, talles como os subsumibles en materia de subvencións ou transferencias casuísticas, sexan correntes ou de capital, os ingresos procedentes de operacións financeiras de calquera xénero, os procedentes de convenios de calquera clase, de alleamento de investimentos reais e máis

xenericamente os ingresos afectados a proxectos de gasto, deberán ser obxecto dunha fiscalización previa e exhaustiva no momento en que, ou ben estes se produzan ou ben no momento en que sexan de coñecemento do órgano interventor.

A toma de razón dos dereitos levarase a cabo mediante dilixencia na que constará «Intervido e conforme», a data, a firma e pé de firma do órgano Interventor.

As tarefas de control posterior comprenderán as seguintes actuacións de verificación dos dereitos e ingresos: En calquera caso, do mesmo xeito que no caso dos gastos, deberá verificarse:

- O cumprimento da legalidade tanto nos procedementos de xestión que dean lugar ao recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización de calquera ingreso público.
- Que o dereito económico é recoñecido e liquidado polo órgano competente e de acordo coas normas en cada caso aplicables.
- Que o importe é o correcto, tendo en conta as posibles causas da modificación do mesmo, como os adiamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas ou os feitos que poidan dar lugar á extinción do dereito.
- Que os ingresos se realizaron nas caixas ou contas correntes das entidades de depósito debidamente autorizadas, dentro dos prazos legalmente establecidos e pola contía debida.
- Que o pagador é o correcto, examinando, no seu caso, os supostos de derivación de responsabilidade.

Dita verificación realizarase sobre una mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes de contido económico, orixe do recoñecemento ou liquidación de dereitos.

A técnica que se utilizará para levar a cabo a fiscalización posterior será a mostraxe. En informe ad hoc da Intervención especificaranse os tamaños das mostras, técnicas estatísticas a utilizar, criterios de selección e temporalidade.

Nas Bases de Execución do Orzamento constarán expresamente todas estas singularidades.

**TERCEIRO.** Facer público este acordo aos efectos do cumprimento dos principios de seguridade xurídica e transparencia.

O que se fai público en execución do apartado segundo da resolución transcrita.

Palas de Rei, 23 de outubro de 2019.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.- O Secretario, Celestino Amigo Liñares.

R. 3228

---

### *Anuncio*

#### **Expediente núm. 621/2019.**

O Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión ordinaria celebrada o 17 de outubro de 2019, adoptou, entre outros, o acordo que literalmente se transcribe na súa parte dispositiva:

#### **Aprobación do réxime de fiscalización e intervención limitada previa de gastos e requisitos básicos.**

Vista a proposta do Secretario no procedemento instruído para a aprobación da fiscalización e intervención limitada previa de gastos e requisitos básicos, de conformidade co disposto no artigo 13 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, en consonancia co 219.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Pleno, por unanimidade,

#### **ACORDA**

**PRIMEIRO.** Aprobar a adopción do réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos en materia de gastos e obrigacións, no que os extremos a comprobar serán os mínimos previstos no art. 13.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, aplicable a todos os expedientes de gasto que se tramiten nesta Entidade Local referidos as seguintes materias:

- Persoal
- Contratación
- Transferencias, subvencións e axudas concedidas
- Xestión económico-patrimonial
- Xestión financeira.

O órgano interventor limitarase a comprobar os requisitos básicos seguintes:

a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer.

Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.

Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigacións a contraer ou nacidas e non prescritas a cargo da tesourería da Entidade Local que cumpran os requisitos dos artigos 172 e 176 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

b) Que as obrigacións ou gastos son xerados por órgano competente.

En todo caso comprobarase a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención cando devandito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

c) Aqueles outros extremos que, pola súa transcendencia no proceso de xestión, se determinen polo Pleno a proposta do Presidente previo informe do órgano interventor.

Para estes efectos, consideraranse, en todo caso, transcendentales no proceso de xestión os extremos fixados no Acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, naqueles supostos que sexan de aplicación ás Entidades Locais, que deberán comprobarse en todos os tipos de gasto que comprende.

Conforme ao establecido no artigo 17 do RD424/2017, non están sometidos á fiscalización previa do artigo 7.1.a do citado regulamento:

a) Os gastos de material non inventariable.

b) Os contratos menores.

c) Os gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez fiscalizado o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven o súas modificacións.

d) Os gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

As obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización e intervención limitada previa conforme ao exposto nos parágrafos anteriores, serán obxecto doutra fiscalización e intervención plena con posterioridade. Ditas actuacións levaranse a cabo no marco das actuacións do control financeiro que se planifiquen nos termos recolleitos no título III do RD 424/2017.

**SEGUNDO.** Publicar o presente acordo aos efectos de garantir a seguridade xurídica e a transparencia.

O que se fai público en execución do apartado segundo da resolución transcrita.

Palas de Rei, 23 de outubro de 2019.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.- O Secretario, Celestino Amigo Liñares.

R. 3229

## RIBAS DE SIL

### Anuncio

#### CORRECCIÓN DE ERRO

Publicado anuncio no boletín oficial da Provincia de Lugo Núm. 244 de data 24/10/2019, por medio do presente faise a seguinte corrección de erros:

Onde di altas en aplicación de gastos:

Aplicación		Descrición	Euros
<u>432</u>	<u>627,02</u>	PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO DE SEGUNDA CATEGORÍA EN RIBAS DE SIL (LUGO).	<u>371.342,20 €</u>

**DEBE DICIR:**

Altas en aplicación de gastos:

Aplicación		Descrición	Euros
432	627,02	PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE: <u>INSTALACIÓN DOS BUNGALOWS PARA CREACIÓN DE XEOCAMPING EN RIBAS DE SIL.</u>	279.798,50 €

Onde di altas en concepto de ingresos:

Aplicación: económica			Descrición	Euros
		870	RLTesourería	<u>371.342,20 €</u>

**DEBE DICIR:**

Altas en concepto de ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
		870	RLTesourería	<u>279.798,50 €</u>

Ribas de Sil, 24 de outubro de 2019.- O Alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3230

## RIOTORTO

### Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de suministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao segundo cuadrimestre de 2019, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recursos de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do término do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fixase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 29 de Outubro e o 29 de Novembro de 2019.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 23 de outubro de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3211

---

## XERMADE

### *Anuncio*

**Asunto: aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo.**

O Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 18 de outubro de 2019, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo.

Sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o dito acordo.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

Xermade, a 21 de outubro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3214

---

### *Anuncio*

**Asunto: aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar.**

O Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 18 de outubro de 2019, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar.

Sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o dito acordo.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

Xermade, a 21 de outubro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3215

---

### *Anuncio*

**Asunto: aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.**

O Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 18 de outubro de 2019, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.

Sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o dito acordo.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

Xermade, a 21 de outubro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3216

---

**XOVE***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de Outubro de 2019, prestouse aprobación inicial ó Padrón da Taxa por entrada de vehículos a través de aceras e reservas de vía pública ( VADOS) para estacionamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase correspondente ó exercicio 2019.

O meritado Padrón queda exposto ó público na Secretaría deste Concello durante 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo as persoas interesadas poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, por acordo da Alcaldía fíxase como prazo de ingreso en período voluntario, o comprendido entre os días 1 de novembro de 31 de decembro de 2019, nas entidades financeiras colaboradoras.

Ó propio tempo ponse en coñecemento dos contribuíntes comprendidos no aludido Padrón que transcorrido o prazo anteriormente sinalado as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio, devengándose os recargos sinalados no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria, xuros de morea e, no seu caso, as costas do procedemento de constrinximento.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da antedita Lei

Xove a 23 de outubro de 2019. O Alcalde .- Jose Demetrio Salgueiro Rapa

R. 3231

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**  
**XULGADO DO SOCIAL N.º 4 VALLADOLID***Anuncio*

D/Dª MARÍA YOLANDA MARTÍN LLORENTE, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 004 DE VALLADOLID.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª FIACRIO CAMAÑO CARNICERO contra INDECO LUGO SCP, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000303/2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a INDECO LUGO SCP, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 10/2/2020 a las 10:05 horas**, en C/ ANGUSTIAS, 40 - 44 - Sala 10, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Habiéndose solicitado el interrogatorio de parte y siendo la misma persona jurídica han de hacerse las advertencias que se continen en el art. 91.3 y 5 de la LJS. Conforme dispone dicho precepto, el interrogatorio de las personas jurídicas privadas se practicará con quien legalmente las represente y tenga facultades para responder a tal interrogatorio. Si el representante en juicio no hubiera intervenido en los hechos, deberá aportar a juicio a la persona conocedora directa de los mismos. Con tal fin la parte interesada podrá proponer la persona que deba someterse al interrogatorio justificando debidamente la encesidad de dicho interrogatorio personal.

La declaración de las personas que hayan actuado en los hechos litigiosos en nombre del empresario, cuando sea persona jurídica privada, bajo la responsabilidad de éste, como administradores, gerentes o directivos, solamente podrá acordarse dentro del interrogatorio de la parte por cuya cuenta hubieran actuado y en calidad de conocedores personales de los hechos, en sustitución o como complemento del interrogatorio del representante legal, salvo que, en función de la naturaleza de su intervención en los hechos y posición dentro de la estructura empresarial, por no prestar ya servicios en la empresa o para evitar indefensión, el juez o tribunal acuerde su declaración como testigos.



A tal efecto se le indica que si no comparece, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiera intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales (Art. 91.2 LJS).

Y para que sirva de citación a **INDECO LUGO SCP**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y colocación en el tablón de anuncios.

En VALLADOLID, a diecisiete de octubre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3217

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE** : **V/27/01243**  
**PETICIONARIO** : **Nicanor Ramudo González**  
**VERTIDO**  
**DENOMINACIÓN** : **Vivienda en Moreda**  
**LOCALIDAD** : **Moreda Lanzós (San Martiño)**  
**TÉR.M. MUNICIPAL** : **Vilalba**  
**PROVINCIA** : **Lugo**  
**RÍO/CUENCA** : **Pedrouzo/Pedrouzo**

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Moreda" - "Nicanor Ramudo González", con un volumen máximo anual de 146,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 3218

*Anuncio*

**Expediente: A/27/27495**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 2 de octubre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Bautista Díaz López, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,209 l/s de agua procedente de una fuente sita en la parcela catastral 347 del polígono 21, en el lugar de Cerxedo, parroquia de Castro de Rei de Lemos (Santa María), término municipal de Paradela (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 21 de octubre de 2019, José Manuel Blanco López.

R. 3219

*Anuncio***Expediente: A/27/25793**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 4 de octubre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Emilio Iglesia Regueiro, la oportuna concesión para aprovechamiento de 150,34 l/s de agua procedente del río Pequeño, en el lugar de Outeiro-Vilar, parroquia de A Regueira (San Vicente), T.M. de A Pastoriza (Lugo) con destino a fines etnográficos.

Lugo, 18 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3220